XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

galicia

MEMORIA ECONÓMICO-FINANCEIRA DA NOVA LEI DE CAZA DE GALICIA

1.- Antecedentes e memoria xustificativa

Finalidade e obxectivo. Galicia experimentou unha transformación acelerada na súa paisaxe agraria, nos últimos anos. Cambios profundos nas estruturas familiares agrarias, tanto no modo de producir coma nos cultivos agrícolas e forestais, que mudaron dun modo substancial os compoñentes do territorio e polo tanto as condicións dos hábitats, que derivaron no incremento das poboacións dalgunhas especies, en detrimento doutras.

Nestas circunstancias e dado que a superficie cinexética de Galicia comprende máis do 80% do territorio galego, a caza cobra un singular protagonismo, necesario no control de determinadas poboacións de especies silvestres para lograr un equilibrio ecolóxico fundamental no normal desenvolvemento dos ecosistemas naturais. A actividade cinexética transcende da súa condición deportiva e lúdica e gaña peso na súa función social e ambiental.

Nestes últimos anos fixose un considerable esforzo para incrementar a calidade da nosa caza e para mellorar os seus hábitats, afondouse no coñecemento e seguimento de varias especies e identificáronse os patróns xenéticos das especies cinexéticas autóctonas, co fin de mellorar as poboacións e con ela a oferta cinexética da nosa comunidade.

Os piares básicos nos que se fundamenta esta reforma son:

a) Tender cara a unha caza mais ética e responsable.
b) A sostibilidade da caza en harmonía co medio natural no que se desenvolve.
c) A mellora da calidade dos instrumentos de ordenación, como a mellor garantía da sostibilidade.
d) Unha distribución mais xusta da responsabilidade polos danos causados polas especies cinexéticas.
e) A seguridade na actividade cinexética non só para os cazadores senón tamén para os demais usuarios do monte.
f) A dinamización económica do mundo rural a través da explotación cinexética.
g) A flexibilidade das normas para a caza de especies de caza maior, no caso de xeración de danos.
h) Un réxime sancionador claro.

Dende hai bastantes anos, foi descendendo o número dos cazadores galegos e rexístranse poucas incorporacións de mozos a esta actividade. A caza menor, maioritaria hai uns poucos anos cedeu protagonismo á caza maior, que crece na afección dos cazadores galegos e atrae progresivamente o interese dos cazadores foráneos.

Esta Lei ten por obxecto regular o exercicio da caza na Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de protexer, conservar, fomentar e aproveitar ordenadamente os seus recursos cinexéticos de xeito compatible co equilibrio natural e cos distintos intereses afectados.

2.- Estudo económico

Esta lei non supón ningún custo económico para a Comunidade Autónoma de Galicia.

As tasas que a Administración Autonómica obtén das licencias, *15 Expedición de licencias de caza,* non van sufrir mais variacións que as que proveñan dos cambios aprobados nas leis orzamentarias para os próximos anos, dado que, o número de cazadores se mantén estable nos últimos anos e os tipos de licencias non varían coa nova lei.

Os ingresos desta tasa poden verse no cadro seguinte

Tipo	2010	Tasa	Total
A-1	43.058	28,72 €	1.236.625,76 €
A-2	10.174	14,44 €	146.912,56 €
A-3	4	95,46 €	381,84 €
B-1	265	19,19 €	5.085,35 €
B-2	29	9,65 €	279,85 €
B-3	0	66,80 €	0,00 €
C	5	114,55 €	572,75 €
TOTAL	53.535		1.389.858,11 €

Polo que respecta á tasa de *Inscripción para a realización do exame do cazador*, é previsible que o número de solicitante incrementarase lixeiramente nos próximos anos sen que o número total sexa significativo e non acade cifras superiores aos 5.000 cazadores/ano que terán que pagar 10 €, e que se van manter durante moitos anos dado que a nova lei tampouco introduce ningunha variación na forma de opter a primeira licencia.

As tasas correspondentes ás matrículas de TECOR, *16 Matrículas de terreos de carácter cinexético suxeitos ao réxime especial,* calcúlanse tendo en conta que temos aproximadamente uns 2.300.000 hectáreas, con pequenas variacións duns anos a outros, que ten que pagar 0,095509 €/ha, o que supón un total de, aproximadamente, 219.670,70 €/ano dita cantidade non vai sufrir variacións dado que a nova lei non afecta á figura de TECOR nin á superficie de terreos sometidos ao réxime cinexético especial que son os que pagan a tasa.

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

Polo que respecta á tasa *38 Actuacións en materia de caza* tampouco están afectadas pola nova lei e van seguir de xeito anecdótico agás a de precintos de caza maior que está tendo maior demanda nestes anos por mor do incremento do número de xabaril que estanse matando e que estimamos seguirán incrementándose nos próximos anos, dado que a tasa só compensa o custe do precinto, non haberá ingresos netos por parte da Administración.

Polo que respecta ás obrigas que a Administración asume son as mesmas que na actualidade, a gardería e outros servizos que se están prestando na actualidade mantense nos mesmos termos na nova lei e polo que respecta ás liñas de axudas non está previsto ningún cambio no funcionamento das mesmas e como ata o de agora, dependerá da dispoñibilidade orzamentaria a súa posible convocatoria.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2011

DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Ricardo García Borregón Millán